
Miguel Cancio
Enquisa
sobre do Movemento
Estudiantil Galego
e Internacional

Coordenadas
Monográficas



MIGUEL CANCIO

Economista e sociólogo, profesor de “Socioloxía” e “Socio-economía dos movementos sociais” da Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago.

Razón con corazón, Ciencia con conciencia, maxia con sapiencia e bruxería con poesía: o xogo da vida, a mediación social II

(Continuación de Raigame nº7. 1998)

Miguel Cancio Álvarez

3.- Nudo

Despois da introducción ven o nudo nudamente..., titulado: NOVOS DEUSOS, NOVAS RAZÓNS, NOVAS NARRACIÓNS, NOVAS DOMINACIÓNS.

Na quinta de Kant e Smith deuse a dialéctica da soberanía teocrática e da soberanía popular, da lexitimación divina e da lexitimación científica. Proceso que, bastante antes, xa fora aberto polos ingleses.

A lexitimación divina do Antigo Réxime foi cuestionada, radical-

mente impugnada. Ao Rei cortáronlle a cabeza e con esta raxadura, en este corte, menudo corte moito máis que epistemolóxico, fronte ao obscurantismo se alumbraba a era das luces, da ilustración, do progreso e da modernidade. Matábase ao Rei e se derrocaba o seu sistema despótico e teocéntrico, continuador, reproductor e aumendor dos privilexios feudais, para dar paso á Declaración Universal dos Dereitos do Home, á proclamación ideolóxica do cidadano como dono da historia e, se cadra, da súa historia; á proclamación solemne da soberanía

popular, da *respublica*, da cousa pública administrada en asamblea constituínte polos lexítimos representantes do povo. A República inscribía con letras de ouro nos seus recintos máis nobres, nos seus espazos máis emblemáticos, o seu principal lema, símbolo, o novo paradigma domiñante: IGUALDADE, LIBERDADE E FRATERNIDADE, que se vía consagrado pola Constitución emanada do povo. Incluso algunha Carta Magna proclamou o dereito á felicidade.

Os administradores do dogma, da verdade absoluta, os vellos gurús




"A Liberdade guiando o povo", cadro de Delacroix.

do Antigo Réxime, do *Ancien Régime*, os aparatos ideolóxicos e represivos do vellos estado absolutista, da lexitimidade teocéntrica..., foron substituídos polos novos gurús, os novos clerc, pola nova lexitimidade: a burguesía, a política, a ciencia, a cidadanía. O zoom politicom, o home da polis, do burgo, da cidade..., constituíuse como suxeito dos dereitos universais do home, como suxeito de dereitos cidadanos. Solon, estadista, o primeiro poeta ateniense falaba da "eunomia" como sinónimo de "bon goberno", da política referida aos cidadáns.

Científicos como Comte, para facer fronte á nova realidade social, para explicar a complexidade do novo mundo, dos burgos, das cidades, as novas e difíceis relacións sociais, para darlle ao home novo as novas e necesarias referencias, o equilibrio e orde social, a nova ideoloxía dominante, crearon novas ciencias como a chamada socioloxía e outras.

Ciencias da nova sociedade emerxente que apuntalasen e lexitimasen o novo poder, que tratasen de xustificalo e explicalo por dentro e por fora, que lle conferisen sentido e significado para que o cidadán non se sentise perdido, anómico...; para que poidese dispor de criterios, tópicos, historias, narracións, manuais, guías, calendarios, mitos, ritos, códigos, símbolos, representacións, referencias,



imaxinarios... que lle servisen para explicar o mundo e explicarse, para representalo e facer a vida, para enfrentarse á nova sociedade, para integrarse, socializarse, curarse, curar a angustia, facerlle fronte ás súas debilidades e impotencias, ao mal, ao misterio, á incertidume...

Outros, partindo deste corte, desta ruptura que denominaron burquesa, de democracia formal, promoveron unha nova revolución, a definitiva que lles permitiría substituír as relacións sociais de explotación por unhas relacións dialécticas de transformación; pasar da democracia formal e burguesa á democracia real;



Augusto Comte

substituír a ciencia burguesa, a falsa conciencia, un novo obscurantismo e comedura de cocos, a ideoloxía dominante, o opio do povo, pola verdadeira e única ciencia, polo materialismo histórico e dialéctico, pola ciencia das leis universais do único e verdadeiro desenrolo histórico, o da verdade da boa. Así alumearía, nacería o home novo, o único que, ao estar realmente emancipado, podería ser dono da súa historia individual, social e colec-

tiva, alcanzar o paraíso perdido, chegar á terra prometida...

Outros, no sentido radicalmente diferente, tamén propuxeron movementos, revolucións patrióticas, nacionais, imperiais cara a Deus, salvadoras da Humanidade por Razas, Doctrinas, Linguas, Povos, Guías, Caudillos..., Elexidos, para levantar o Estado Novo, o Orden Novo, o Mundo Novo, o Home Novo, a Gran Nación, a Patria, a Raza, a Doctrina Salvadora...

O problema é que, como di Holderlin, algúns, bastantes, moitos no nome do que sexa, de todo tipo de salvacións individuais e colectivas, ao tratar de facer do seu Estado un ceo, convertírono nun auténtico inferno, en pura barbarie, en fanatismo esnaquizador.

Voltando á nova lexitimación, ao novo mito, podemos dicir que coa súa aplicación e desenrolo, en bastantes casos, o vello fundamentalismo divino, teocrático, foi substituído por un novo fundamentalismo: polo cientista, o tecnoburocrático, o democrático-politiquero domiñado pola racionalidade instrumental-raposeira-politiquera-descarnada...

A Nobreza de sangue foi substituída/acompañada pola Nobreza de Estado. A vella nomenclatura, a vella clase dominante, deu paso a unha nova clase dominante, a un novo moderno, postmoderno, ultramoderno nomenclaturismo, caciquismo, clientelismo, comisionismo...

Os vellos gurús, que administraban o vello dogma, foron substituídos, deron paso aos novos que

en bastantes casos fixeron o propio. Ao potente mercado de salvación no nome de Deus, se lle engadiu o non menos potente mercado de salvación no nome da razón, a democracia, a ciencia, a técnica, o progreso, o ben estar, a beleza, a emancipación. No nome do que ultimamente está moi de moda, da liberdade, da economía libre.

The Wall Street Journal, xunto á *Heritage Foundation*, un tanque de pensamento de moita potencia, publican anualmente unha clasificación de países do mundo, pola súa maior ou menor liberdade económica que asimilan á "prosperidade". En 1997, de 156 países analizados, nos primeiros postos están Hong Kong, Singapur e Bahrein. Se o modelo de "prosperidade", de "salvación", é o destes tres países podemos prepararnos pois imos a saber o que é o ben estar, o que vale un peixe "próspero"...

xioso que sacraliza o diñeiro, que está en permanente celebración da comunión dineraria". O que é o mesmo, en celebración continua e ao bestia, nas relucentes e espectaculares cate-drais reais e virtuais, do consumo. A onde acoden os consumidores, espectadores, produtores..., a comulgar despois de seren convocados, catequizados polos medios de formación de masas. Algúns vense, síntense forzados a "comulgar" tanto, tanto que, esclavizados pola tiranía da imaxe, da moda, do consumo, das apariencias..., chegan a se poñer moi mal, a morrer de fame, de fartazgo, de frustración, de depresión.

Non obstante, o sistema de mercado, se cadra, permitiu oportunamente unha celebración relixiosa con liberdade de cultos, mentras que os sistemas de economía planificada impuxeron a doutrina única, o pensamento

THE WALL STREET JOURNAL EUROPE.

Published in Brussels, Tuesday, March 9, 1999. Volume XVII, No. 13

What's News

Parting Company

Intel Reaches Deal With FTC, While Microsoft Fights On

Wintel Deeply Is Taking Sharply Different Tacks In Government Battle

Slowing a 600-Pound Gorilla

WASHINGTON—Intel Corp. and Microsoft have agreed to settle a long-running antitrust case, but Microsoft is fighting the case in court, and Intel is fighting the case in court, and Intel is fighting the case in court.

What's News

Business and Finance

Intel Agrees to settle U.S. antitrust case with FTC, while Microsoft fights on.

WASHINGTON—Intel Corp. and Microsoft have agreed to settle a long-running antitrust case, but Microsoft is fighting the case in court, and Intel is fighting the case in court.

Markets Summary

Dow Jones Industrial Average

Close 7727.62

Change -24.47

Eastern Update

A Roundup of East European Business and Political Developments

THE NEWS ARE IN: International in Warsaw, Poland, with offers for Poland being...

The Heat Is On

Elektrim Brings In An American CEO After Funds Rebel

Ms. Lurieberg Must Bring Big Group up to Snuff Amid Poland Inc. Crunch

By Daniel Marozian

WARSAW—Elektrim SA's new head, former British Telecom chief, has been named to lead the Polish power giant...

Yankee Clipper

Joe DiMaggio Glides Home a Last Time

The Baseball Legend Settled In Nation's Short of Heroes


By Michael J. McCarthy

THE 33-YEAR-OLD STAR OF THE 1950s is a Yankee legend with a story.



Walter Benjamin, o grande intelectual xudeu alemán que se suicidou na fronteira franco-española en 1940 para non caer en mans da Gestapo, deixou escrito o seguinte: "O capitalismo é un fenómeno esencialmente reli-

gioso, un sistema sacralmente ultraxerarquizado e dogmático sen liberdade de cultos. Empero, nada é, todo cambia, e así, na actualidade estamos asistindo á posta en marcha e desenrolo da "teoloxía de mercado" e do "leni-



nismo de mercado”, o “castrismo vaticanista de mercado”, o “maoismo de mercado”, o “socialismo de mercado”... Vivir para ver e o que te rondarei morena.

En bastantes casos, o vello opio do povo foi substituído por novas formas de suxección e control individual e social, por novas formas d alucinación, de alienación e enaxenación... A razón, en bastantes casos, foi enxendrando monstros, verdadeiros pesadelos e novas formas de obscurantismos, de encadenamento. Como di Rubert de Ventós no artigo *“Miseria de la razón, razón del mito”* (*El País, lunes, 01-12-97, pax. 14*), *“La razón nos hace libres pero también miserables”*.

A ideoloxía proclamada do progreso no nome da humanización, da igualdade, da solidariedade, da liberdade e fraternidade, deu paso á fractura urbana e social, á fractura racial, á fractura da


modernización, a novas formas de exclusión, desigualdade e marxianación, de racismo e xenofobia...; a múltiples e novas formas de sectarismo, de violencia urbana, social e cotidiana, de violencia tanto física, material e primaria -violencia “hard power”- como simbólica, icónica, mediática, psicolóxica, inmaterial, ciber-informática -violencia “soft power”-.

O axente, o persoal desnortado, desorientado, desenraizado; o axente só, perdido, aillado, incomunicado, angustiado e desesperado, en pleno apoxeo da sociedade da comunicación, da mundialización do mundo mundial, da globalización do cosmos universal, do *homo digitalis* e cibernumericus, da terceira e cuarta revolución industrial, de *“Silicon valley”* e *“Silicon alley”*, das realidades e dos animais virtuais; (o axente) para esquecerse do tempo ator-

mentado, angustiado, encadenado, gris, triste, rutinario, insolidario, para compensalo, para facer frente á desertización das relacións humanas, a un progreso basura, excluínate, depredador e selvático, para buscar/encontrar alivio, consolo, comprensión, enerxías, cariño, alguén que o escoite, que o acolla, arroupe..., agárrase ao que sexa. Vólvese ao fanatismo, ao fundamentalismo puro e duro na búsqueda dun “seguro de sol eterno”, dos inexistentes paraísos perdidos e inventados, co que tratar de gañar o futuro e olvidarse, curarse, vingarse do presente que tanto lles doe, lles amarga, lles fai sufrir; co que facer frente ao progreso regresivo, ao crecemento excremento; co que facer frente ao laberinto da vida e á súa complexidade (Pessoa e Mário de Sá Carneiro: *“Perdim-me dentro de mim pois eu são um laberinto”*); co que facer frente *“a un mundo que marcha na sombra, cheo de furor e de ruído que non significa nada, no que nada vale nada pero hai que facer como se todo valesse todo”* (Shakespeare, Sirius). Empero, entre nada e nada está a vida, vida miña...

3.1.- Excesos con e sen razón, con bruxería e filosofía...

Ao meu modo de ver, nas miñas modestas consideracións, o mundo, a vida faise, di, narra, representa, goza, sofre..., de formas múltiples e diversas. Pascal nas súas *Meditacións* sinalaba dous excesos: *“Hai dous excesos: excluír a razón, non considerar máis que a razón”*. Se vostedes mo permiten, engadiría un terceiro: Hai tres excesos; excluír a razón, non considerar



máis que a razón e dar gato por lebre no nome da razón, do corazón e da relixión, da arte e da cultura, da ciencia e da sapiencia, da democracia e da ciber-tecnocracia, do pasado e do futuro, do máis alá e máis acá, da maxia e da tecno-burocracia, da filosofía e da bruxería, da poesía e da astroloxía, dos deuses e dos demos, da tradición e da revolución, da vella e nova espiritualidade, do regreso e do progreso. *“Vivir é cambiar, darlle paso ao progreso que é fatal”; “Volver es regresar/ es empezar a atromentarnos/ a querernos para odiarnos/ sin principio ni final...”*. ¡Que tangazos! Neste punto, permítanme que recorde, que faga unha homenaxe ao grande tocador de tangos que ven de finar en Bos Aires aos 81 anos, Héctor Stamponi, un dos grandes da década de ouro do tango, da década dos anos 40, autor de *“El último café”*.

4.- Desenlace.

UNHA MEDIACIÓN SOCIAL, PROFESIONAL, PERSOAL PARA XOGAR TODOS, CREAR NOVOS XOGOS, PARA XOGAR CON



Goethe visto por Karl Stieler

PRINCIPIOS, XOGAR HUMANA E, SE CADRA, FESTIVA, ALEGREMENTE, CON RAZÓN E CORAZÓN, CIENCIA CON CONCIENCIA, MAXIA CON SAPIENCIA, ESTÉTICA CON ÉTICA, BRUXERÍA CON POESÍA..., SEN TRAMPANTOXOS E CON MOITA, MOITA IRONÍA.

Despois do dito anteriormente:

-Tendo en conta a Popper que está de moda, e que dixo nunha conferencia en Viena: *“A situación do ser humano é como a de un home negro nunha habitación negra buscando un sombreiro negro que nen sequera sabe que existe”*. Se cadra, a ciencia pódenos servir para axudarnos a comprender que esto desde o principio é incomprendible.

-Seguindo co negro e considerando o que dicía Goethe en *Arte e antigüedad*: *“O auténtico obscurantismo non consiste en impedir a difusión do verdadeiro, do claro, do útil, senón en poñer en circulación o falso”*.

-Considerando ao grande mago pintoreiro con duende toreiro de Bergamin: *“A verdade é a nosa razón/ a vida a nosa paixón”*. (Engadiría: *“a emancipación é a nosa revolución que non se dá toda nen nunca”*.)

-Considerando a Isaac Berlin que ven de finar e na súa derradeira entrevista con 86 anos, feita para ser ofrecida despois da súa morte: *“O máis importante son os seres humanos para moldear a súa vida, para facer o que a súa vontade lles dicte en cada momento”*.

-Considerando o que ven de declarar un deseñador de moda, agora que está o deseño de moda aquí, en Galiza, Ourense e par tout -segundo parece tamén hai maxia e bruxos no deseño-, o deseñador italiano Ettore Sottsass de 80 anos, fundador do grupo Memphis, que dixo: *“Cada vez teño máis claro o sen sentido existencial, a fragilidade, a ausencia de referencias. Hai que ter compaixón no sentido de Buda, compaixón de un mesmo e dos outros, porque estamos nunha barca que tarde ou cedo se funde”*. Tamén o di o bolero “La barca”: *“Hoy tu corazón se muere de amargura porque tu barca tiene que partir...”*.

-Considerando ao grande Pucho Boedo, a este grande bohemio da Coruña da Galiza vital, liberal e aberta ao mundo, na Galiza, Salón Lino que narra moi ben Quico Cadaval cando cantaba unha das arias de *La Boheme* do seu avó Puccini: *“Sahara jardín de Alá, flor de Omara, la favorita del mar... Cuando los que mandan, los que atienden a la gente pierden la vergüenza, pierden los papeles, los mandados/ los atendidos les pierden el respeto y los manda al carallo...”*

-Considerando a Jacques Derrida que ven de escribir unha obra sobre a hospitalidade, e de declarar: *“Non hai cultura, non hai vínculo social sen un principio de hospitalidade”*.

-Considerando a Rainer Maria Rilke “O Rilkeiro de Praga” na súa copla hit *“¡Para festexarme! Vivimos nas cadeas. Hainos que se esquecen delo, hainos*



Rainer M. Rilke visto
por Paula Wodersohn.

que as fan dorar, que as ensalzan... Empero, algúns queren rompelas, non cunha violencia bruta, salvaxe, senón que queren crecer pouco a pouco á marxen delas, fora do seu alcance, disólvelas sutil, ironicamente...

Pois ben, despois destes considerandos, permítanme que lles propoña: unha mediación social, profesional, persoal PARA XOGAR TODOS, XOGAR CRÍTICA E AUTOCRITICAMENTE, CREAR NOVOS XOGOS, PARA XOGAR CON PRINCIPIOS, XOGAR HUMANA E, SE CADRA, FESTIVA, ALEGREMENTE, con razón e corazón, ciencia con conciencia, maxia con sapiencia, estética con ética, bruxería con poesía..., sin trampantoxos e con moita, moita ironía. Carracholas: *“Ironizamos, polo tanto pluscuavivimos. A vida sen ironía condúcenos a unha cochambrosa e holoturística realidade existencial”*.

Fágolles esta proposta tendo moi presente as seguintes obras e palabras:

-Ao biólogo Jean Pierre Changeux, profesor de *Collège de France*, autor de *O home neuronal*, que na súa obra *Razón e pracer* (Ed. O. Jacob, 1994) nos di: *“A ciencia non se vincula ao pracer, nen a arte á razón, pero non hai ciencia sen pracer, nen arte sen razón”*.

-Ao filósofo José Antonio Marina, que a propósito da súa obra *O misterio da vontade perdida*, Ed. Anagrama, 1997, nos di que: *“Presinte a ultramodernidade: ese estado de confusión onde valores iluminados erradicaron a vontade”*; que *“O reto do noso tempo, de finais de século radica en se enfrentar á complexidade que supón conxugar o universal e o concreto, o científico co estético e o racional co poético”*. Sen se olvidar do compromiso coa verdade e a felicidade -sabendo que non se acadan todas nunca- e todo con moito humor...

-Ao sociólogo Edgar Morin, o grande pensador da complexidade con relación á socioloxía e ás ciencias sociais, que presentou ao home como biocosmos poético e cuio título da última obra publicada por este prolífico e comprometido autor de 76 anos, é toda unha declaración de principios, *Amor, Sabiduría, Poesía*, unha invitación á converxencia do coñecimento, da ciencia coa paixón e a estética.

-Ao biólogo François Jacob, membro da Resistencia, premio Nobel en 1965, que ven de ser recibido en *“La Coupole”*, na Academia Francesa, o 20 de Novembro de 1997 e onde reivindicando a poesía e a imaxinación, no seu discurso de recepción dixo:

“Señores, estamos feitos dunha extrana mestura de ácidos nucleicos e recordos, de soños e proteínas, de células e palabras...”


E, permítanme que remate en portugués, pois o Celta arrasa con Mazinho e compañía. Non esquezamos que o Bruxo fai milagres coa selección española, con moita xente, con moitos amigos, coas súas mans máxicas e os seus saberes bruxos. Permítanme que remate con alguén que ten moito que ver con este xogo, con esta corporación da maxia, a bruxería, o ocultismo..., con este mercado.

Falando do mercado, Malcolm Matson, gurú fundamentalista, fundou a “teoloxía do mercado” co *“obxectivo de transformar a City londinense nun santuario de civilización e compaixón”*. *The Economist*, despois da proposta de Matson propuxo que *“os candidatos a corredores de bolsa, a broker, fagan cursos de espiritualidade, acodan a seminarios”*. Despak Chopra, este indio occidentalizado que chegou aos EE.UU. en 1970, educador, escritor, conferenciante, endocrinólogo, autor de *¿Ten Deus orgasmos?*, -polo que se fixo tamén colaborador de Playboy-, converteuse en gurú de grandes figuras de Hollywood como Madonna e en triunfador a escala planetaria, do que a CNN dá citas. Chámanlle o “Señor da inmortalidade”, ten vendido máis de 10 millóns de libros de 19 títulos publicados en 30 idiomas, cobra por conferencia 25.000 dólares, ten feito dúas películas, *Os señores da luz e Independence Day meets Siddhartha*, ten a súa propia

revista mensual, ten publicado tres discos, tres CDs, vende suplementos dietéticos naturais e aceites esenciais. O seu centro de estudos e de meditación está presente en 50 países e as súas sucursais están interconectadas polo que chama a *Rede global para o éxito profesional*. As súas empresas facturan ao ano 15 millóns de dólares, máis de dous mil millóns de pesetas. Nos EE.UU. e outros países occidentais varias editoriais teñen lanzado coleccións de *"Sabidurías orientais e Management"*. Seguindo con este mercado, en España, desta colección se ten traducido, entre outras, obras como a seguinte: Thomas Cleary, *A arte do liderazgo. Leccións zen sobre a arte de dirixir*, Ed. EDAF, 1997. En España, tamén, se ten presentado o proxecto de parque temático para a cidade de Benidorm "Terra Mítica", con un logotipo cheo de referencias máxicas. Nesta presentación dixeron: *"O nome de Terra Mística lévanos a unha idea que mestura miles de anos de historia, principio e final de tantas civilizacións"*. Véndeno sinalando: *"Ven á maxia e á lenda, disfruta da imaxinación, énchete de soños. ¡Ven á ruta dos soños!"*. Neste parque temático máxico vanse invertir máis de 50.000 millóns por parte da Generalitat de Valencia e grandes empresas. Galiza está en excelentes condicións para crear un grande parque temático "Galiza Terra Meiga / Galiza Máxica - Terra bruxa", que podería competir internacionalmente pois ten grandes, grandes posibilidades neste sentido dada a riqueza das súas tradicións máxicas, da súa cultura popular, a forza espiritual e con capacidade de con-

vocatoria do Camiño do Santiago, da súa paisaxe, das súas xentes, das súa pedras e recunchos, do seu patrimonio monumental, artístico, cultural, gastronómico, vital... Este parque máxico galego, ben concebido e aplicado, se se fai ben, con rigor, profesionalmente, podería ser moi rentábel económica e socialmente.

Por último, e a propósito das cinsas de Voltaire das que falamos anteriormente..., unha empresa de pompas fúnebres ofrece lanzar maxicamente as cinsas do finado ao espacio, por 700.000 ptas. de aliña maga... Como lles dicía, permítanme que remate con alguén que para min é moi importante, son moi importantes as súas reflexións, aforismo, invocacións, feitizos, sortilexios, conxuros (*"Do conxuro destas verbas levántanse unha chea de visións"*). Trátase de Fernando Pessoa, que como vostedes saben era contábel, dito máis finamente, técnico comercial, do Pessoa como todos os seus heterónimos que queren ser todos de todas as maneira sendo, como xa dicíamos, ninguén. Pessoa: *"Uns com os olhos postos no passado vem o que não é/ outros como os olhos postos no futuro vem o*



Voltaire visto por Largillière

que não pode ser/ Porem está tudo certo/ está tudo completamente certo/ O pior é que está tudo errado, não acertado". Con Pessoa e Manolo Alegre e olé:

*"Não deixes que te domem
É possível viver sem fingir que se vive
É possível ser homem
É possível ser livre, livre, livre"*.

Ramón Cabanillas, en *A Galiza vou lixeiriño camiñando, de Galiza para o mundo: "Camiño longo, camiño da nosa vida, sen trampas, mentiras nen politicarias..."*

5.- Epílogo.

Rematamos como comezamos, co poeta mulato exiliado cubano da dictadura castrista e que morreu en Madrid fai pouco Gastón Baquero: *"Que pasa que está pasando/ que la vida va avanzando/ y algunos bastantes en nombre de Dios y del Diablo, de la Salvación y de la Liberación, nos están trampan-tojando/ que pasas que está pasando..."*. A linguaxe fala, o hábito fala... (en recordo do costureiro barroco Christian Lacroix). Pero, como di Ortega: *"O sociólogo, o científico debe dofoldar a sociedade"*. Trátase do mellor Ortega, o Ortega nudista, o Ortega da forza do misterio, o que dixo tamén: *"O que pasa é que non sabemos o que pasa..."*.

Acabouse, como dicíamos no meu povo en Vegadeo-A Veiga, *"Curuxa papou/ esto acabouse, queridiño"*. Moitas gracias.